


Guadi Galego pecha este sábado 13 no Teatro Principal de Pontevedra a tríade de concertos de presentación do seu directo *Síntese Horizonte*

Síntese Horizonte é unha proposta expresamente concibida para teatros na que a creadora presenta, por primeira vez en Galicia, o seu álbum *Roibén*, ademais de revisitar temas de anteriores traballos discográficos



Guadi Galego presentará *Síntese Horizonte* no ciclo *Resoan* © Cris Padín

Pontevedra, 10 de abril de 2024.- Guadi Galego vistarán este sábado 13 de abril Pontevedra para por o punto e final á xira de presentación do seu novo directo, *Síntese Horizonte*. A cita será no Teatro Principal, a partir das 20.00 horas, no marco do ciclo *Resoan* do Concello de Pontevedra, e para dita ocasión non quedan entradas dispoñibles.

Logo de actuar o pasado mes de xaneiro no Teatro Principal de Compostela e no Teatro Jofre de Ferrol, a cantante e compositora pechará esta fin de semana na localidade pontevedresa a tríade de concertos de presentación en Galicia do seu último LP, *Roibén*, nunha noite na que tamén soarán cancións de anteriores discos ou mesmo o seu sinxelo *O.D.A.* Guadi Galego subirase este sábado se de novo ás táboas para sorprenden ao público cunha proposta exclusiva que pretende ofrecer unha experiencia musical única e transformadora.

Sobre o escenario, Guadi Galego acompañarase dunha banda conformada por grandes artistas do país. É o caso de Guillermo Fernández (guitarra acústica eléctrica e sintetizada), Rubén Iglesias (baixo e sintetizadores), Isaac Palacín (batería e percusión), Álex Fernández (teclados). Completan a formación, como vocalistas e pezas chave do directo, Paula Romero, Faia Díaz, Inés Salvado e Rocío Jiménez. Ademais, a nova produción de Guadi Galego en colaboración con Culturactiva destaca tanto pola súa cuidada iluminación (baixo a dirección e o deseño de Laura Iturralde e José Faro, de NONONON.LAB) como pola súa posta en escena (de Marina Oural e Ugía Pedreira -Oficina Galega de Outros Asuntos do Movemento), froito do traballo en común que as artistas desenvolveron coa creadora de Cedeira.

GUADI GALEGO

É unha das artistas máis relevantes da escena musical galega das últimas décadas. A súa andaina musical comezou sendo ela moi nova, un camiño fíado especialmente a Berrogüeto como vocalista, pianista e gaiteira, e que, co tempo, deu paso a outros proxectos máis persoais, como Espido ou Nordestin@s. No 2009 inicia a súa carreira en solitario con *Benzón*. Logo chegarían os exitosos *Lúas de Outubro* e *Agosto* (con éxitos indiscutibles como *Chea de vida* ou *Matriarcas*), *O mundo está parado*, *Inmersión*, *Costuras* ou o máis recente *Roibén* (2022), LP que presentou en diferentes puntos da xeografía peninsular.

Logo dunha simbólica ausencia nos escenarios do país, Guadi Galego segue a atravesar etapas e dá paso a novos horizontes, sen esquecer que a vida existiu e persiste nela. Se no mes de setembro lanzaba o sinxelo *O.D.A.*, toda unha declaración de intencións sobre a madurez e aceptación da vida, e na que reivindica o dereito a seguir experimentando, no 2024 presenta *Síntese Horizonte*, unha aposta da propia Guadi pola evolución do seu son, pois con cada disco, e con cada espectáculo, foi aprendendo a desaprender do establecido.

CONVOCATORIA GRÁFICOS

Data: sábado 13 de abril de 2024

Hora: 20.00 horas

Lugar: Teatro Principal de Pontevedra

Acto: Concerto *Síntese Horizonte*, de Guadi Galego, no marco do ciclo *Resoan*.

Descarga o kit de prensa de Guadi Galego - Síntese Horizonte

Contacto de prensa Guadi Galego

The Office Comunicación

Lucía Pita | 675 404 321

lucia.pita@theofficeco.es